



Mª Beatriz Vaquero Díaz

Profesora Contratada Doutora. **Área:** Ciencias e Técnicas Historiográficas.

Departamento: Historia, Arte e Xeografía.

Despacho: 2º Pavillón. Andar 1º. Local 24. **Tfno.:** 988 38 71 52 **E-mail:** mdiaz@uvigo.es

Beatriz Vaquero Díaz (A Coruña, 1963), doutora en Historia (2001), é profesora contratada doutora na Área de Ciencias e Técnicas Historiográficas da Universidade de Vigo (2006) e membro de Grupo de investigación de Historia Medieval e Ciencias e Técnicas Historiográficas. Licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela en 1986, foi bolseira de predoutoral da Xunta de Galicia entre 1988-1990.

Entre 1990 e 2006, ocupou diversas prazas como axudante de universidade e profesora asociada na Facultade de Humanidades / Historia de Ourense, impartindo docencia nas áreas de Hª Medieval e Ciencias e Técnicas Historiográficas.

A súa actividade investigadora, enmarcada en diversos proxectos financiados pola Universidade, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación e Ciencia, xira arredor da Paleografía e da Historia Medieval de Galicia, con publicacións sobre as fontes documentais da Catedral de Ourense, a documentación e historia do mosteiro de Celanova e a organización territorial do bispado auriense, nomeadamente sobre as súas *terras* e beneficios eclesiásticos.

Coordinadora entre 2004 e 2011 dos «Roteiros Culturais» do Servizo de Deportes do Campus de Ourense, participou na elaboración de dúas guías que inclúen dez rutas de sendeirismo a primeira, e as etapas da ruta xacobeá que cruza a provincia ourensá, a segunda.